

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: APERTURA DAS OFERTAS ÉCONÓMICAS PRESENTADAS O CONCURSO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DA DOCENCIA ESPECIALIZADA DOS CURSOS DE FORMACIÓN NO MARCO DO PROXECTO “LUGO EMPREGO ACTIVO”. -----

Sendo as 13:00 horas do día 3 de abril de 2009, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por dona Sonia Méndez García, Concelleira Delegada da Área de Economía e Emprego e actuando como vocais don José Fernando Piñeiro polo Grupo Municipal do Partido Socialista, dona Cristina Ares Castro-Conde, polo Grupo Municipal do Partido Popular, don Xosé Chorén, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Marcial Rodríguez Toajas Interventor Municipal, dona Ana I. Sáez Mancebo, titular da Asexoría Xurídica e actuando como secretario da Mesa don Manuel Louzao Aldariz, xefe do Servizo de Contratación.

Abre a sesión a Sra Presidenta, dando lectura o informe técnico do Pacto Territorial de Emprego, relativo á valoración das propostas (sobre B), procedéndose á apertura das ofertas técnicas (sobre C) co seguinte resultado:

1.- ASOCIACION PROVINCIAL DE REPARACIÓN Y VENTA DE AUTOMÓVILES Y RECAMBIOS, propón como prezo do contrato para o lote número 4 (Monitor de vehículos lixeiros) o importe de 46.750,00 euros IVE incluído.

Oferta unha cantidade económica destinada a melloras por importe de 2.355 euros, achega memora descriptiva das melloras presentadas.

2.- ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA DE LUGO, propón como prezo do contrato para o lote número 5 (Procesador de cáterin), o importe de 27.500,00 euros, IVE incluído.

3.- SIAD 24 SERVICIOS SOCIO-SANITARIOS, propón como prezo do contrato para o lote número 1 (Auxiliar de enfermería en hospitalización) o importe de 27.000,00 euros IVE incluído.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cml

Ref#: 09EMPREGO ACTIVO ofertas economicas.doc

Asunto: ofertas economicas

Oferta unha cantidade económica destinada a melloras por importe de 1.850,00 euros, achega memoria descriptiva das melloras ofertadas.

4.- DIOPTRA, S.L., propón como prezo do contrato para o lote número 3 (Instalador de equipos e sistemas de comunicación) o importe de 37.950 euros, IVE incluído.

Oferta unhas melloras valoradas economicamente en 8.050 euros IVE incluído, achegando unha memoria descriptiva das mesmas co seu custo.

5.- FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN, propón como prezo do contrato para o lote número 2 (Electricista industrial), o importe de 28.922,42 euros, IVE incluído; e para o lote número 3 (Instalador de equipos e sistemas de comunicación) o importe de 32.715,52 euros IVE incluído.

Oferta unha cantidade económica destinada a melloras por importe de 16.205,1 euros IVE incluído.

Á vista do cal a Mesa de Contratación, propoñen a adxudicación provisional da **DOCENCIA ESPECIALIZADA DOS CURSOS DE FORMACIÓN NO MARCO DO PROXECTO “LUGO EMPREGO ACTIVO”**, segundo o seguinte desglose:

- LOTE NÚMERO 1 AUXILIAR DE ENFERMERÍA EN HOSPITALIZACIÓN (675 horas), á mercantil **SERVICIO INTEGRAL DE ASISTENCIA DOMICILIARIA 24 HORAS, S.L. (SIAD 24)**, nun prezo de 27.000,00 euros, IVE incluído; e unhas melloras por importe de 1.850,00 euros, así como o resto de condicións incluídas na súa oferta.

- LOTE NÚMERO 2 ELECTRICISTA INDUSTRIAL (610 horas), á **FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN**, nun prezo de 28.922,42 euros, IVE incluído; e unhas melloras por importe de 16.205,1 euros, así como o resto de condicións incluídas na súa oferta.

- LOTE NÚMERO 3 INSTALADOR DE EQUIPOS E SISTEMAS DE COMUNICACIÓN (690 horas), á mercantil **DIOPTRA, S.L.**, nun prezo de 37.950,00 euros, IVE incluído; e unhas melloras por importe de 8.050,00 euros, así como o resto de condicións incluídas na súa oferta.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cml

Refº: 09EMPREGO ACTIVO ofertas economicas.doc

Asunto: ofertas economicas

- LOTE NÚMERO 4 MECÁNICO DE VEHÍCULOS LIXEIROS (850 horas), á **ASOCIACIÓN DE REPARACIÓN E VENTA DE AUTOMÓVILES E RECAMBIOS DE LUGO (Aprevar)**, nun prezo de 46.750,00 euros, IVE incluído; e unhas melloras por importe de 2.355,00 euros, así como o resto de condicións incluídas na súa oferta, sen prexuízo da emisión dun informe técnico do Pacto Territorial de Emprego, relativo ás melloras ofertas.

- LOTE NÚMERO 5 PROCESADOR DE CÁTERING (500 horas), á **ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA DE LUGO**, nun prezo de 27.500,00 euros, IVE incluído, e o resto de condicións incluídas na súa oferta.

Sen máis que tratar, dáse por rematada a sesión sendo as 13:30 horas do día anteriormente sinalado.

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo.: Sonia Méndez García

Asdo.: Manuel Louzao Aldariz